

Faro *da* Cultura



Manifestación do movemento #Me Too nas rúas de Nova York. Abaixo: o ensaísta e politólogo norteamericano Francis Fukuyama.

Os lectores e as lectoras que en 1992 tiñan razón dabondo para ler e entender xornais lembrarán a polémica que provocou a obra de Francis Fukuyama *A fin da Historia e o derradeiro home*, ampliación do artigo “A fin da Historia?” (*The National Interest*, 1989). Impulsor do *Proxecto para o novo Século Americano*, naquel ensaio o politólogo estadounidense analizaba o fracaso do comunismo e concluía que a historia da humanidade como enfrontamento entre ideoloxías rematará. Eran os anos da consolidación do neoliberalismo que culminarían co mandato de George W. Bush en 2001.

Cabe que o ensaio fose tomado sen ter en conta a condición case visionaria de Fukuyama. Cabe que o que escribiu non era tanto unha defensa do remate das ideoloxías como unha análise certa do que estaba por chegar. Unha interpretación, esta da súa obra, común polo mundo adiante ata o punto que na presentación do seu novo ensaio, *Identidade*, considera que a maioría das críticas que tivo foron unha dobre mala interpretación. A razón, di Fukuyama, é que el empregaba “Historia” na súa concepción hegeliana-marxista –equivalente a desenrolo– e que “fin” non equivalía a remate senón a meta ou obxectivo.

Paradoxalmente, cos mesmos vimbios filosóficos cos que teceu aquela obra, agora presenta este ensaio que, dalgún xeito, dá a vol-



Na procura da entidade

Francis Fukuyama e as dignidades colectivas

JOAQUIM VENTURA

ta a aquel como se se tratase dun calceñín. Fukuyama sitúa o mesmo elemento de matriz socrática, o thymós, como a parte da alma que procura a dignidade e o recoñecemen-

to: fronte a isotimia dos máis dos mortais, unha desviación sería a megalotimia ou o desexo de ser recoñecido como alguén superior.

E é a partir de tal concepto que Fukuyama sinala esoutro concepto, luterano, da liberdade individual (para crer en Deus) como primeiro factor de modernidade e trampolín cara á autonomía persoal e á dignidade colectiva. E con esa visión da actual situación mundial, encara aqueles conflitos que marcaron a historia do mundo nos últimos anos. O célebre politólogo caeu do cabalo do neoliberalismo e gañou en obxectividade. Foi despois da gran crise de 2007 –provocada polo descontrol da procura fácil de beneficios da economía promovida por Bush– cando, en nome dunha maior liberdade, aumentou a desigualdade social.

E foi nese marco de fuxida cara adiante dos sectores dominantes cando apareceron, da súa parte, as manifestacións a prol do recoñecemento colectivo: as primaveras árabes, a resistencia grega, as manifestacións do Maidán, a loita a prol dos matrimonios gais ou o movemento #Me Too en favor da dignidade das mulleres. Cun signo contrario, pero con raíces semellantes, os movementos nacionalpopulistas que levaron a Trump á presidencia, ao Brexit ou ás políticas refractarias de Orbán en Hungría.

Houbo un cambio no paradigma social

entre as décadas finais do século XX o e os nosos días. A desindustrialización de Occidente provocou a ruptura do modelo de benestar social, consensuado desde conservadores a comunistas. Mais o aumento do PIB que houbo neste período foi absorbido polas elites, principalmente, sen apenas repercusión na maioría da poboación, cun especial castigo ás clases medias. Nesa crise houbo unha esixencia de que se cumprise a dignidade dos colectivos previstos nas leis democráticas. Se non se ten en conta esta premisa, non se poden entender certos conflitos (como o de Cataluña hoxe).

A procura do recoñecemento das dignidades colectivas –fronte á globalización unificadora– leva aos movementos polas identidades nacional e relixiosa. Non entenderemos que as grandes revolucións (a francesa, a soviética, a chinesa) tiveron unha parte importante de reafirmación nacional e nacionalista, é non entender o binomio entre pobo (cidadanía) e nación. Porque as diferencias non poden ser, segundo Fukuyama, base para a desigualdade. E así, a proclamación dos “dereitos do Home” non se pode considerar de maneira individual senón como defensa do colectivo. E é nesa dimensión que aqueles que non se senten cubertos polo estado democrático demandan o recoñecemento da súa dignidade.

ARTE: A OBRA DE FERNANDO CASÁS EN SANTO TIRSO / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESPECIALISTA EN LIXG, XULIO COBAS BRENLLA / PÁX. V

MÚSICA: NO TRINTA ANIVERSARIO DO GRUPO LEILÍA / PÁX. VIII